

# PROSCENIO

2019

**II Edición Programa Teatro Profesional  
da Provincia de Lugo**

Maio - Decembro



Imaxes cedidas por Mercedes Vázquez Saavedra  
Exposición fotográfica "Viaxe polo mundo da máscara"  
Museo Provincial de Lugo



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

A DEPUTACIÓN  
DE LUGO COA  
CULTURA





Desde a Deputación, temos un especial interese por apoiar e dar a coñecer toda a riqueza artística que existe na nosa provincia. Por elo é que desenvolvemos diferentes proxectos culturais cos que buscamos promover as distintas disciplinas de creación e de recreación.

Desta volta, presentamos unha nova Edición do Programa PROSCENIO de Teatro Profesional, no que participan as Compañías de Teatro Profesional de Lugo, as cales actuarán durante este 2019 por toda provincia, completando a programación cultural de Concellos e Entidades Asociativas.

Con esta iniciativa, a Deputación contribúe unha vez máis a difundir o teatro, poñendo os medios para que as nosas Compañías se dean a coñecer e favorecendo así mesmo o achegamento do público a unha cultura local de calidade. Agardando que este proxecto sexa do voso agrado, só podemos dicir, que comece o espectáculo!

**DARÍO CAMPOS CONDE**  
**Presidente da Deputación de Lugo**



## TEATRO MARIONETAS TRÉCOLA

*Pol*

Esta Compañía leva máis de 13 anos vivindo no mundo das marionetas. Son a 2ª xeración dunha Compañía creada alá polo 1.981 cuns obxectivos que seguen mantendo, como a procura da dignificación e o protagonismo das marionetas como ferramenta artística no teatro.

A súa proposta escénica está baseada na experimentación no manexo e construción de diferentes tipos de marionetas, sempre ideando a mellor opción segundo as necesidades do personaxe ou escena. Dende o divertimento, sempre tentan fomentar valores como a



igualdade, a empatía e o apoio mútuo. Consideran de vital importancia unha educación emocional positiva, así como o respecto pola natureza.

Teñen neste momento 8 obras en repertorio, e dende que son responsables da Compañía, levan estreadas 18 montaxes de creación e produción propia. E é que Teatro de Marionetas Trécola crean escenografías, estruturas, marionetas e guións, deseños de iluminación, vestuarios... En definitiva, fan o que lles apaixona, son titiriteir@s!!!

[www.marionetastrecola.com](http://www.marionetastrecola.com)



## Tolitates

Tolitates, movido por un impulso se cadra máis tolo ca el, sáltase todos os sinais de perigo e escapa da cordura, sen pensar que sempre pode haber alguén máis transgresivo.

Un gran elenco informal e atolondrado, que mostra pouco siso e seriedade no modo de actuar, arrastra ao público cara a unha gargallada continua sen precisar mediar palabra. Nesta obra, os títeres e os obxectos son os protagonistas da dramaturxia, obviando as palabras fronte á pantomima e a música, nun escenario máxico e cheo de segredos no que nin se intúe a figura do titiriteiro.

*Autoría:*  
*Montaxe propia da Compañía.*

*Dirección:*  
*Isabel Rey Pousada e  
Marcelino de Santiago  
"Kukas".*

*Elenco:*  
*Ero Vázquez Cabrera e Isa  
García Coldeira.*

*Duración:*  
*50 minutos.*

**O Vicedo, 30 de novembro  
ás 20.00h.** (Casa da Cultura)

Teatro de obxectos, bunraku,  
marionetas de fío e guiñol.  
Para todos os públicos a partir  
dos 3 anos.

## The Piccole Theatre

Un pequeno teatro viaxa arredor do mundo dentro dunha caixiña de recordos. Un elenco, formado por fabulosos artistas de rúa, mostra os máis variados números: equilibrismos, maxia mentalista, malabares, música... e como non: os dous grandes paiasos Tontón e Totó Gluk.

Coa súa maxia, as marionetas levarán aos espectadores a emprender unha viaxe de fantasía na que tamén serán protagonistas.

**Vilalba, 22 de setembro ás 18.00h.** (Auditorio Carmen Estévez)

**Muimenta, 28 de setembro ás 17.30h.** (Casa da Cultura)

**A Fonsagrada, 24 de outubro ás 11.00h.** (Salón de actos do CEIP Santa María)

**Castroverde, 17 de novembro ás 18.00h.** (Salón de actos do CPI de Castroverde)

Teatro de marionetas de fío.

Para todos os públicos a partir dos 5 anos.



*Autoría:*  
*Montaxe propia da Compañía.*

*Dirección:*  
*Ero Vázquez Cabrera.*

*Elenco:*  
*Ero Vázquez Cabrera e Isa García Coldeira.*

*Duración:*  
*60 minutos.*



*Autoría:*  
*Montaxe propia da Compañía.*

*Dirección:*  
*Ero Vázquez Cabrera.*

*Elenco:*  
*Ero Vázquez Cabrera e Isa  
García Coldeira.*

*Duración:*  
*45 minutos.*

**Outeiro de Rei, 25 de maio  
ás 18.00h.** (Auditorio Casa-  
Museo Manuel María)

Teatro de marionetas de fío e  
varillas.

Público infantil e familiar

## Gaela quere ser druida

Seica Gaela anda aburrída e persegue ao druída nun día moi importante para el, xa que en dúas lúas se celebra o consello anual de druídas e non atopa o condimento necesario para a súa nova poción.

Finalmente a nena consegue contarlle o que lle preocupa, ela quere ser druída! Pero o mestre négase en rotundo porque “as nenas non poden ser druídas! Iso é cousa de homes!”

Esta resposta, lonxe de calmar as ansias da nena, a convence de que ese é o seu fado. Gaela terá que demostrar ao druída que ela pode ser o que desexe se pon todo o seu empeño. Así, terá que pasar divertidas e emocionantes probas para acadar a súa capa branca.

A través desta historia o público mergullarase na cultura castrexa, nos seus contos e na súas lendas. Trátase dunha obra que fomenta valores como a igualdade de xénero, o coidado medioambiental, a autoestima e a importancia de perseverar para superar os retos que se plantexan.





## **LUCECÚS TEATRO**

*Lugo*

No 2015, Lucecús Teatro naceu da confluencia de varios proxectos artísticos. Logo de moitos anos de traballo en diferentes colectivos teatrais de Lugo, como Achádego Teatro, Palimoco ou Microefectos Dramatúrxicos, 3 vagalumes decidiron xuntarse e dar un paso adiante coa máxima ilusión do mundo. As súas son obras de creación propia, desde o texto ata a montaxe final. Por iso é que aos seus compoñentes lles gusta presentarse como autores - creadores. Ata o momento, contan con 5 obras no seu repertorio, dúas para adulto



(*A órbita do lucecú e Logos*) e outras 3 para un público máis novo (*A verdadeira historia do poeta Manuel de Paderna, PingüiSOS e Os libros contraatacan*), con máis de 100 representacións ás súas costas por todos os escenarios de Galicia.

[www.lucecusteatro.com](http://www.lucecusteatro.com)





## A verdadeira historia do poeta Manuel de Paderna

*Autoría e Dirección:*  
*Rubén Pérez Pombo a partir de textos de Manuel María.*

*Elenco:*  
*Isabel Herrero Díaz e Anxo Manoel Lamelo Fernández.*

*Duración:*  
*60 minutos.*

**Monforte, 27 de decembro ás 18.00h.** (Edificio Multiusos)

Comedia para público familiar.

Manuel de Paderna era un home que posuía un enfeitizo poético e un dominio da palabra que facía estancar as augas dos ríos, variar a situación dos mares, abrollar as fontes ou curar ás persoas. Hai quen di que mesmo os paxaros suspendían o seu voo e ficaban inmóbiles no aire para aprender os seus cantos e as súas melodías. Manuel de Paderna era algo poeta, tamén traballaba co barbeiro e foi alguacil municipal. A partir dos textos de Manuel María, os Lucecús emprenden unha viaxe curiosa e divertida a través de varias das aventuras que lle aconteceron a este curioso personaxe.



## Os libros contraatacan

Unha loita entre o ben e o mal. Os libros e os que habitan neles débátense entre facer o ben ou pasarse ao lado escuro. Na biblioteca da Academia Jedi, un estudante queda pechado e esquecido pola noite. O que alí faga, rodeado de libros, marcará o seu destino para sempre. Xogos, falcatrudas, cancións e moito conto serán os seus compañeiros de viaxe. O protagonista Anakin, grazas ao seu encerro e coa axuda dos libros e das leccións dos seus mestres Jedis, sempre baseadas en contos e lendas, tratará de atopar unha solución á súa situación.

Esta peza, fala do dereito a ser diferente e da dificultade de facelo, dos límites entre o ben e o mal, de cómo hai cousas que escapan ao noso control e sobre como poden marcar o noso percorrido vital. Que está ben? Que está mal? Onde está a diferenza? O que é malo para nós pode ser bo para outros e viceversa? Como inflúe en nós o xeito no que nos tratan os demais?

*Autoría:*

**Anxo Manuel Lamelo  
Fernández.**

*Dirección:*

**Isabel Herrero Díaz e Anxo  
Manuel Lamelo Fernández.**

*Elenco:*

**Isabel Herrero Díaz e Anxo  
Manuel Lamelo Fernández.**

*Duración:*

**50 minutos.**

**Pol, 16 de maio ás 14.30h.**

(Centro Sociocultural ou  
Carballeira de Mosteiro)

**Outeiro de Rei, 26 de outubro**

**ás 18.00h.** (Auditorio Casa-  
Museo Manuel María)

**Viveiro, 14 de decembro ás**

**18.00h.** (Teatro Pastor Díaz)

**Lugo, 20 de decembro ás**

**18.00h.** (Pavillón do CEIP de  
Casás)

**Bóveda, 28 de decembro ás**

**17.30h.** (Salón de actos do  
Concello)

Comedia para público infantil a  
partir dos 6 anos.



## LÎLÂ TEATRO

### Lugo

Lîlâ Teatro, Compañía vinculada desde fai varios anos ao mundo das artes, está integrada por 2 artistas multidisciplinares que, como tales, tocan todos os eidos creativos relacionados coa produción teatral.

Todas as súas pezas son de creación propia e están dirixidas pola propia Compañía, sendo ela mesma a que se encarga do seu vestuario, escenografía, fotografía, iluminación...

Lîlâ Teatro son artesás, rurais e mariñeiras, tradicionais e atemporáis, amigas do bon



gusto e acérrimas defensoras dos animais, os vexetais, as crianzas e os maiores. No seu camiño, non faltan os obradoiros teatrais para nenos e adultos, a colaboración con Asociacións, a participación en Festivais e as representacións en concellos, colexios, auditorios, casas da cultura, patios, rúas, prazas, bosques e demais garitos.



## Rara Avis

Paloma é un deses seres que cando camiñan parecen non tocar o chan, como se levara unhas ás invisibles adheridas ás súas costas que, ademais de alixerar o seu peso, a dotan dun halo digamos que “diferente”.

É a través da empatía, a coraxe, a perseverancia e sobre todo o sentido do humor, como Paloma logra reconciliarse co seu pasado, disfrutar do presente e propoñer un futuro esperanzador. Ela, coma ninguén, é capaz de demostrar que nunca é tarde para comezar de novo.

Rara Avis fai honra a todas as criaturas excepcionais que buscan o seu lugar no mundo.



*Autoría:*  
*Obra propia da Compañía.*

*Dirección:*  
*Lilâ Teatro.*

*Elenco:*  
*Lines González e Lara Manzano.*

*Duración:*  
*65 minutos.*

**Pantón, 24 de novembro**  
**ás 18.00h.** (Edificio Sociocultural)

**O Vicedo, 14 de decembro**  
**ás 20.00h.** (Casa da Cultura)

*Para todos os públicos.*



## Duncan de Palleiro

Así é como transcorre un día na vida dun can, pero non dun can calquera. Trátase dun can moi especial que pertence a unha raza mítica, lendaria e con moito prestixio: a de Palleiro. Este can é Duncan de Palleiro, o príncipe das corredoiras.

Duncan leva unha vida sinxela á beira do seu amo Aurelio e dos seus amigos, veciñas e rébanos de sempre, nunha pequena aldea no medio das montañas, chamada Oubidos, da que se sente moi fachendoso.

Duncan ama profundamente aos nenos e ás nenas, e alí onde vai leva consigo unha gran sorpresa que non deixa a ninguén indiferente. Amizade, amor e liberdade son as palabra que máis lle gustan a Duncan de Palleiro.

*Autoría:*

*Obra propia da Compañía.*

*Dirección:*

*Lîlá Teatro.*

*Elenco:*

*Lines González e Lara Manzano.*


*Duración:*

*60 minutos.*

**Muimenta, 27 de outubro  
ás 17.30h.** (Casa da Cultura)

**Monforte, 23 de decembro  
ás 18.00h.** (Edificio  
Multiusos)

*Público infantil a partir de 3  
anos.*



## **Nina.** **Andanzas dunha** **cabra montesa**

Esta é a viaxe iniciática dunha cabra chamada Nina. Chegada ao mundo nunha illa esquecida no medio do mar, un día decide marchar na procura dunha vida máis próspera e amable.

Nina é independente, inconformista e impaciente. Tamén é algo descarada, sorprendente, fresca, fogosa, temeraria, insolente e insolvente per sé. Non acerta a comprender o xeito en que se relacionan e desenvolven os seus novos veciños de dúas patas. A pesar de todos os malogrados intentos de convivencia pacífica coa raza humana, rematará por querer regresar á súa vida montesa despois de experimentar unha morea de extravagantes aventuras. Unha osada odisea digna de compartir.

*Autoría:*  
*Obra propia da Compañía.*

*Dirección:*  
*Lilã Teatro.*

*Elenco:*  
*Lines González e Lara Manzano.*

*Duración:*  
*70 minutos.*

**Triacastela, 17 de agosto**  
**ás 20.00h.** (Praza da Igrexa /  
Local da Fonte da Luna /  
Polideportivo)

*Público adulto.*




## **TITIRITERRA**

### *Cospeito*

Titiriterra crease no ano 2.018 a partir do encontro de Verónica Quintela (artesanía), Martín Stotinki (músico) e Gus Fouce (actor e director teatral), coa idea de desenvolver un espectáculo musical de títeres, dirixido a un público infantil, resultado da combinación das súas destrezas artísticas.





## Belarmina, a fabulosa Velutina

Despois dun ataque á colmea, a abella Mel, decide saír (acompañada do seu servinte por imposición da súa nai) a unha cita coa súa amiga do facebook Belarmina, a cal é unha vespa velutina que, sen ter conciencia da súa condición, pensa que tamén é unha abella. Cando se atopan xurde un conflito entre o desexo de amizade e a pulsión biolóxica irrefrenable da vespa por devorar á abella. Isto leva a sucesivas confusións e a divertidas situacións das que a abella vai saíndo airosa. O debate entre a amizade e a cadea trófica vai gañando en intensidade ata que un feito pouco previsible provoca un desenlace inesperado e inspirador.

*Autoría:*

*Creación propia da Compañía a partir dunha idea orixinal de Gustavo Fouce.*

*Dirección:*

*Titiriterra.*

*Elenco:*

*Verónica Quintela López,  
Martín Vázquez García e  
Gustavo Fouce Rodríguez.*

*Duración:*

*40 minutos.*

**Vilalba, 20 de outubro ás  
18.00h.** (Auditorio Carmen  
Estévez)

**Monforte, 30 de decembro  
ás 18.00h.** (Edificio  
Multiusos)

*Teatro de títeres (bocóns)  
para público infantil e  
familiar.*



## ÍTACA TEATRO

### Lugo

Ítaca Teatro nace no 2018, produto do reencontro de dous antigos compañeiros que decidiron xuntarse para levar adiante un proxecto que lles permitise gozar do proceso creativo, coa liberdade necesaria para afrontar aquelas propostas que a eles lles gustaría ver como espectadores. Deste xeito, a Compañía busca nas súas montaxes alcanzar o equilibrio que lle permita captar o interese do programador e a atención do público, acadando a satisfacción propia por facer

o teatro que lles apaixona. O debut da Compañía tivo lugar no Vicedo en decembro de 2.018. Xa no ano actual, coa súa obra *Cinco minutos sen respirar* e a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, actuaron nos Auditorios Municipais de Lugo e Ourense.

[www.itacateatro.com](http://www.itacateatro.com)



*Autoría:*  
**Gustavo Ott.**

*Dirección:*  
**Carlos Neira.**

*Elenco:*  
**Eleazar López García e Carlos Iglesias Rebolo.**

*Duración:*  
**75 minutos.**

**Pantón, 1 de decembro ás 18.00h.** (Edificio Sociocultural)

*Teatro Contemporáneo para público a partir dos 13 anos.*

## **Cinco minutos sen respirar**

*“A poesía é a única proba concreta da existencia do home” (Luis Cardoza y Aragón)*

Nunha tenda por departamentos, un empregado e unha cliente atópanse na sección de libros. El rematando a súa xornada laboral e ela buscando unha excusa para non chegar á casa. Os dous, a esa hora e nese día, teñen unha certeza común: o desexo de que non os atopen.

Esta obra retrata os anhelos, o medo e a escuridade que pode albergar unha persoa a través dos seus dous personaxes: Margarita, unha (ex)empregada de Banca, e Victor, supervisor nun supermercado.

Cinco minutos sen respirar fala da vida, dos abusos bancarios, do amor, da explotación laboral, do suicidio, da familia, da violencia... e de tantas outras cousas, que non dá tempo a resumir en cinco minutos.



## **MIRCROMINA TEATRO DE TÍTERES**

### *Mondoñedo*

Ton Arenas, enxeñeiro de profesión, sempre gustou das actuacións na rúa e da súa plástica, polo que se fixo titiriteiro da man do mestre Arturo Pérez, do que aprendeu o oficio á maneira tradicional.

No 2010 presentou o seu primeiro espectáculo *Vacacións no mar*, representado nos máis dispares escenarios: desde prados en romarías ata auditorios con bambalinas. Despois desta peza, viñeron outras, *Ventura Arnal Cego Casual*, *Martín Martín*, *Raio*,



*Gyrovagus*, *A familia unida...* Pero como non todo vai ser actuar, Ton Arenas é tamén artesán: constrúe teatriños, pinta escenografías, modela bonecos... Por iso é que este artista se nos presenta como titiriteiro total.

[www.mircromina.es](http://www.mircromina.es)



## Vacacións no mar

A Marina encantaríalle viaxar polo mundo adiante. Un día, Moncho chegou a porto no seu veleiro “Ovos con patacas”, pero nun descoido o pirata Ollo Virolo tomou prestada a súa nave para botarse ao mar. Tras 45 minutos de acción... cumprirá finalmente Marina o seu soño de dar a volta ao planeta?

*Autoría:*  
*Obra propia da Compañía.*

*Dirección:*  
*Zoila Gulín e Ton Arenas.*

*Elenco:*  
*Ton Arenas.*

*Duración:*  
*45 minutos.*

**Quiroga, 17 de maio ás 20.00h.** (Auditorio Municipal)

**Vilalba, 15 de setembro ás 18.00h.** (Auditorio Carmen Estévez)

*Espectáculo clásico de títeres de luva e cachiporra para público familiar a partir de 3 anos.*



## A familia unida

Unha oferta laboral, unha colocación de por vida para un emprendedor coas mellores condicións de traballo posibles. André, o presidente, propietario e presentador do espectáculo busca empregado, a quen non lle interesa? Cromina, despois de ser pai, enfrenta a súa natureza casual e festeira á responsabilidade e seriedade das circunstancias.



*Autoría:*  
*Obra propia da Compañía.*

*Dirección:*  
*Ton Arenas.*

*Elenco:*  
*Ton Arenas.*

*Duración:*  
*45 minutos.*

**Castroverde, 25 de agosto  
ás 19.00h.** (Recinto das piscinas municipais de Castroverde)

**Muimenta, 15 de  
decembro ás 17.30h.** (Casa da Cultura)

**Lourenzá, 23 de decembro  
ás 19.00h.** (Casa da Cultura)

**Quiroga, 28 de decembro  
ás 19.00h.** (Auditorio Municipal)

*Espectáculo clásico de títeres de luva e cachiporra para público familiar a partir de 3 anos.*

# CALENDARIO

2019

## Maio

16 de maio 14:30h.

**CONCELLO DE POL** (Centro sociocultural/ Carballeira de Mosteiro)

Lucecús Teatro: *“Os libros contraatacan”*

17 de maio 20.00h.

**CONCELLO DE QUIROGA** (Auditorio Municipal)

Mircromina Teatro de Títeres: *“Vacacións no mar”*

25 de maio 18.00h.

**FUNDACIÓN MANUEL MARÍA DE ESTUDOS GALEGOS** (Auditorio Casa-Museo Manuel María. Outeiro de Rei)

Teatro Marionetas Trécola: *“Gaela quere ser druída”*

## Agosto

17 de agosto 20.00h.

**CONCELLO DE TRIACASTELA** (Praza da Igrexa / Local da Fonte da Luna / Polideportivo)

Lilâ Teatro: *“Nina. Andanzas dunha cabra montesa”*

25 de agosto 19.00h.

**CONCELLO DE CASTROVERDE** (Recinto das piscinas municipais)

Mircromina Teatro de Títeres: *“A familia unida”*

## Setembro

15 de setembro 18.00h.

**CONCELLO DE VILALBA** (Auditorio Carmen Estévez)

Mircromina Teatro de Títeres: *“Vacacións no mar”*

22 de setembro 18.00h.

**CONCELLO DE VILALBA** (Auditorio Carmen Estévez)

Teatro Marionetas Trécola: *“The Piccole Theatre”*

28 de setembro 17.30h.

**ASOCIACIÓN CULTURAL AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO** (Casa da Cultura de Muimenta)

Teatro Marionetas Trécola: *“The Piccole Theatre”*

## Outubro

20 de outubro 18.00h.

**CONCELLO DE VILALBA** (Auditorio Carmen Estévez)

Titiriterria: *“Belarmina, a flamante velutina”*

24 de outubro 11.00h.

**CONCELLO DA FONSAGRADA** (Salón de Actos do CEIP Santa María)

Teatro Marionetas Trécola: *“The Piccole Theatre”*

26 de outubro 18.00h.

**FUNDACIÓN MANUEL MARÍA DE ESTUDOS GALEGOS**

(Auditorio Casa-Museo Manuel María. Outeiro de Rei)

Lucecús Teatro: *“Os libros contraatacan”*

27 de outubro 17.30h.

**ANPA A GRANDA** (Casa da Cultura de Muimenta)

Lilâ Teatro: *“Duncan de Palleiro”*



## Novembro

17 de novembro 18.00h.

**CONCELLO DE CASTROVERDE**  
(Salón de actos do CPI de Castroverde)

Teatro Marionetas Trécola: **"The Piccole Theatre"**

24 de novembro 18.00h.

**CONCELLO DE PANTÓN**  
(Edificio Sociocultural)

Lîlá Teatro: **"Rara avis"**

30 de novembro 20.00h.

**CONCELLO DO VICEDO** (Casa da Cultura)

Teatro Marionetas Trécola: **"Tolitates"**

## Decembro

1 de decembro 18.00h.

**CONCELLO DE PANTÓN**  
(Edificio Sociocultural)

Ítaca Teatro: **"Cinco minutos sen respirar"**

14 de decembro 18.00h.

**CONCELLO DE VIVEIRO** (Teatro Pastor Díaz)

Lucecús Teatro: **"Os libros contraatacan"**

14 de decembro 20.00h.

**CONCELLO DO VICEDO** (Casa da Cultura)

Lîlá Teatro: **"Rara avis"**

15 de decembro 17.30h.

**ANPA A GRANDA** (Casa da Cultura de Muimenta)

Mircromina Teatro de Títeres: **"A familia unida"**

20 de decembro 18.00h.

**ANPA ABELLA DO CEIP DE CASÁS** (Pavillón do CEIP de Casás. Lugo)

Lucecús Teatro: **"Os libros contraatacan"**

23 de decembro 18.00h.

**CONCELLO DE MONFORTE**  
(Edificio Multiusos)

Lîlá Teatro: **"Duncan de Palleiro"**

23 de decembro 19.00h.

**CONCELLO DE LOURENZÁ**  
(Casa da Cultura)

Mircromina Teatro de Títeres: **"A familia unida"**

27 de decembro 18.00h.

**CONCELLO DE MONFORTE**  
(Edificio Multiusos)

Lucecús Teatro: **"A verdadeira historia do poeta Manuel de Paderna"**

28 de decembro 17.30h.

**CONCELLO DE BÓVEDA** (Salón de actos do Concello)

Lucecús Teatro: **"Os libros contraatacan"**

28 de decembro 19.00h.

**CONCELLO DE QUIROGA**  
(Auditorio Municipal)

Mircromina Teatro de Títeres: **"A familia unida"**

30 de decembro 18.00h.

**CONCELLO DE MONFORTE**  
(Edificio Multiusos)

Titiriterra: **"Belarmina, a flamante velutina"**



DEPUTACIÓN  
DE LUGO

A DEPUTACIÓN  
DE LUGO COA  
CULTURA

[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)